

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BUEU

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA XXII PREMIO JOHAN CARBALLEIRA DE XORNALISMO

BASES REGULADORAS DO XXII PREMIO DE XORNALISMO JOHAN CARBALLEIRA

Co ánimo de contribuír e fomentar o xornalismo en galego, o Concello de Bueu impulsa o XXII Premio de Xornalismo Johan Carballeira, que ten tamén por obxectivo homenaxear e dar a coñecer a figura do bueués Johan Carballeira.

1. OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE

- O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do XXII Premio de Xornalismo Johan Carballeira.
- O certame está aberto a traballos de temática libre pertencentes a calquera xénero xornalístico, publicados con firma ou pseudónimo entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de maio de 2025. Poderán concorrer a el tódalas persoas físicas maiores de idade que presenten os seus traballos, os cales deberán ter sido publicados en medios impresos ou dixitais, escritos en lingua galega, incluída a normativa reintegracionista.

2. ORZAMENTO DISPOÑIBLE

- O premio terá unha dotación única de 1.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2025 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente con cargo á partida 334.48100 ("Promoción Cultural. Premios e Becas"). A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

- Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración dos traballos por parte do xurado son os seguintes:

1. Orixinalidade no tratamento do tema: 4 puntos. Terase en conta se o traballo amosa unha ruptura co xeito convencional de abordalo, sorprende ao lector, inspira ou



Luns, 31 de marzo de 2025

Núm. 61

invita á reflexión e se presenta unha proposta innovadora que reflicte un alto grao de creatividade e de reflexión sobre o contexto e/ou os elementos que o conforman.

2. Emprego dunha linguaxe e estilo ricos: 3 puntos. Terase en conta a capacidade de utilizar as ferramentas da linguaxe galega de maneira coidadosa, precisa e evocadora/ desafiante na selección e combinación de palabras, na fluidez e na estrutura narrativa, así como na elegancia da súa forma a través da riqueza dos seus recursos estilísticos.
3. Rigor e calidade da obra: 3 puntos. Valorarase a solidez, precisión, exhaustividade, coherencia e excelencia coa que o traballo presentado foi executado.
4. Xénero de entrevista ou reportaxe: 3 puntos. O xurado valorará positivamente aqueles traballos enmarcados nos xéneros da reportaxe e a entrevista, xéneros nos que desenvolveu maioritariamente o seu labor xornalístico Johan Carballeira.

5. PARTICIPANTES

- Considéranse participantes as persoas físicas que concorran nas condicións establecidas nestas bases.

6. EMISIÓN E PAGAMENTO DOS PREMIOS

- A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello: www.concellodebueu.gal, así como nos medios de comunicación. Prevese que a entrega se produza nun acto público que se celebrará ao longo de 2025, ao que terá obriga de asistir a persoa gañadora.
- O pagamento dos premios farase mediante transferencia bancaria á persoa gañadora.

7. REQUISITOS PARA A CONDICIÓ DE PARTICIPANTE

- Non poderán obter a condición de participantes as persoas en quen conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES E DAS PREMIADAS

- As persoas participantes deberán autorizar ao Concello de Bueu a que poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu. No caso de que as persoas que se presenten ao concurso non autoricen a comprobación destes datos, deberán achegar os certificados que acrediten que están ao día no cumprimento das citadas obrigas/ que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu.



Luns, 31 de marzo de 2025

Núm. 61

- As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Bueu.

9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- O prazo de presentación dos orixinais será desde a publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o 31 de maio de 2025.
- Aceptarase un só traballo por autor/a. Non poderán presentarse as persoas gañadoras das dúas últimas edicións do premio.
- A presentación dos traballos poderá facerse por calquera das dúas vías seguintes e de acordo coas instrucións que se indican:
 - EN PAPEL: De cada traballo teñen que presentarse un orixinal e 3 copias da páxina ou páxinas completas da revista ou xornal que acolleu a súa publicación. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación “XXII Premio de Xornalismo Johan Carballeira”, no seguinte enderezo: Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). No interior do sobre, ademais dos traballos, achegarase unha folla coa seguinte información: Título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo e número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo. O selo que certifique a data de envío deberá de ser visible.
 - EN FORMATO DIXITAL: mediante CD ou USB que incluírá na cuberta “XXII Premio de Xornalismo Johan Carballeira” e título da obra, nun arquivo de tratamento de texto Word, OpenOffice ou PDF. Noutro documento constará título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo, número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo.

10. XURADO

- O Xurado será nomeado pola Alcaldía do Concello de Bueu e a súa decisión será inapelábel.
- En caso de ausencia dalgunha persoa integrante do xurado, poderá ser substituída por outra que para o efecto designe a Alcaldía.
- O Xurado estará composto por tres persoas vinculadas ao xornalismo galego, unha delas nomeada pola asociación colaboradora “Amigos de Johan Carballeira”, e máis un/ha secretario/a que será un funcionario/a do Concello con voz pero sen voto.

11. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

- O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.



Luns, 31 de marzo de 2025

Núm. 61

12. PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola BDNS, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Bueu, en el portal de transparencia e no sitio web municipal. Todas as publicacións posteriores á publicación destas bases faranse no sitio web municipal www.concellodebueu.gal.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

- A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado. As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co certame.
- De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.
- O Concello de Bueu resérvase o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ó certame, na forma e o medio que estime máis conveniente, aínda que incluíndo sempre o nome de cada autor/a.

14. RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

(Documento asinado electronicamente á marxe)

